

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 22 de maio de 2025

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 12:30 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

Excusan:

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

ORDE DO DÍA

1. Análise e validación, se procede, das memorias de modificación substancial de programas de doutoramento

DELIBERACIÓN

- 1. Análise e validación, se procede, das memorias de modificación substancial de programas de doutoramento**

O subdirector da EIDO fai un recordatorio do calendario e das etapas para a modificación substancial das memorias de programas de doutoramento (PD) comezado en outubro do ano pasado. En cumprimento deste calendario, a finais de abril as CAPD presentaron as memorias definitivas dos títulos coordinados por a Universidade de Vigo e dispónse tamén da mesma información para os PD nos que participa UVigo coordinados por outras universidades que tamén propoñen modificacións substanciais este ano.

O subdirector valora de forma global como positivo o proceso de modificacións das memorias, dada a complexidade de acometer un cambio simultáneo de un número grande de memorias. De forma xeral, pode destacarse que todas as memorias modificadas teñen unha estrutura máis compacta e homoxénea, que conteñen actualizadas as referencias as normativas e a información institucional e seguiron as recomendacións indicadas dende a EIDO, o Servizo de Posgrao e a Área de Calidade durante a elaboración das mesmas.

Outros aspectos destacables nas memorias que foron revisados con detalle durante a elaboración das memorias e resoltos de diferente maneira en funcións das características dos PD son a necesidade do aval dun investigador introducido polo RD 576/23, os criterios detallados de admisión, a definición das actividades formativas, a información dos grupos de investigación e o axuste das liñas de investigación de cada PD. Por último, tamén se comenta a decisión de presentar unha única Memoria Xustificativa e Económica que acompañe ás memorias dos títulos xa que a razón que provoca o cambio e principalmente o axuste normativo, a xustificación académica e social dos títulos non ten cambiado dende a súa implantación e non se precisan recursos materiais e humanos adicionais aos que xa están dispoñibles actualmente e que permiten a impartición dos títulos. De acordo con todo o anterior, o subdirector propón emitir informe favorable para as memorias modificadas e aproveita para agradecer a labor dos coordinadores dos programas e a súas CAPD, así como a do Servizo de Posgrao e a Área de Calidade.

O profesor Pedro Pablo Gallego intervéñen para agradecer a labor dos coordinadores nestas modificacións e para recordar a conveniencia de respectar ás normas propias nos casos de PD interuniversitarios nos que, ás veces, danse discrepancias entre as universidades participantes.

Tras estas intervencións, a Comisión de Calidade aproba por asentimento informar favorablemente ás memorias para as modificacións substanciais dos seguintes programas de doutoramento, así como a Memoria Xustificativa e Económica que ás acompaña:

- PD non interuniversitarios (responsabilidade da Universidade de Vigo):

- Auga, sustentabilidade e desenvolvemento
- Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria
- Ciencias da educación e do comportamento
- Comunicación
- Creación e investigación en arte contemporánea
- Creatividade e innovación social e sustentable
- Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais
- Educación, deporte e saúde
- Enxeñaría química
- Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida
- Nanociencia e biomedicina
- Ordenación xurídica do mercado
- Sistemas software intelixentes e adaptables
- Tecnoloxías da información e as comunicacións
- Tradución e paratradución
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica

- PD interuniversitarios (responsabilidade da Universidade de Vigo):

- Análise económica e estratexia empresarial
- Biotecnoloxía avanzada
- Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión
- Ciencias sociais e envellecemento
- Equidade e innovación en educación
- Estudos lingüísticos
- Estudos literarios
- Física aplicada
- Protección do patrimonio cultural
- Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica
- Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria

- PD interuniversitarios responsabilidade doutras universidades:

- Ciencia e tecnoloxía química
- Endocrinoloxía
- Estatística e investigación operativa
- Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura
- Láser, fotónica e visión

- Matemáticas e aplicacións
- Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas
- Neurociencia e psicoloxía clínica

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 22/05/2025

1. Emitir informe favorable sobre as memorias para as modificacións substanciais dos seguintes programas de doutoramento:

- PD non interuniversitarios (responsabilidade da Universidade de Vigo):

- Auga, sustentabilidade e desenvolvemento
- Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria
- Ciencias da educación e do comportamento
- Comunicación
- Creación e investigación en arte contemporánea
- Creatividade e innovación social e sustentable
- Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais
- Educación, deporte e saúde
- Enxeñaría química
- Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida
- Nanociencia e biomedicina
- Ordenación xurídica do mercado
- Sistemas software intelixentes e adaptables
- Tecnoloxías da información e as comunicacións
- Tradución e paratradución
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica

- PD interuniversitarios (responsabilidade da Universidade de Vigo):

- Análise económica e estratexia empresarial
- Biotecnoloxía avanzada
- Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión
- Ciencias sociais e envellecemento
- Equidade e innovación en educación
- Estudos lingüísticos
- Estudos literarios
- Física aplicada
- Protección do patrimonio cultural
- Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica
- Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria

- PD interuniversitarios responsabilidade doutras universidades:

- Ciencia e tecnoloxía química
- Endocrinoloxía
- Estatística e investigación operativa
- Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura
- Láser, fotónica e visión
- Matemáticas e aplicacións
- Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas
- Neurociencia e psicoloxía clínica

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace

O presidente